



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 570
28 de novembro de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 56288 (10/PNC-004473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co desenvolvemento da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, así como a diminución dos actuais tempos de resposta do servizo de extinción de incendios e salvamento nos concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas e A Lama, e nas demais zonas de sombra [187814](#)

I 57734 (10/PNC-004601)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa discriminación laboral que padecen as mulleres deportistas polo seu embarazo e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [187814](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 32054 (10/PNC-002611)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina antifraude onde se poidan denunciar de forma anónima posibles casos de corrupción producidos dentro do sistema público galego [187815](#)

I 54972 (10/PNC-004354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun procedemento que permita corrixir de xeito progresivo a linguaxe sexista en toda a lexislación autonómica vixente [187815](#)



COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**Aprobación por unanimidade sen modificacións****I 57728 (10/PNC-004599)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia das festas parroquiais galegas como patrimonio in-material de Galicia, na categoría de ben de interese cultural

[187816](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 58254 (10/PNC-004655)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a execución pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional das actuacións necesarias para corrixir as deficiencias existentes nos edificios do IES Manuel Murguía de Arteixo

[187816](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**2.4. Organización e funcionamento do Parlamento****2.4.3. Convocatorias**

I Sesión plenaria (día 3 de decembro de 2019, ás 10.00 horas)

[187816](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 27 de novembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 56288 (10/PNC-004473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co desenvolvemento da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, así como a diminución dos actuais tempos de resposta do servizo de extinción de incendios e salvamento nos concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas e A Lama, e nas demais zonas de sombra
BOPG nº 540, do 02.10.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver a lei de emerxencias en todas aquelas cuestións pendentes de planificación e desenvolvemento normativo.

2. Estudar e acordar coa Deputación de Pontevedra e cos concellos unha proposta para prestar con garantías o servizo de extinción de incendios e salvamento nos concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Ponte Caldelas, A Lama e Moraña, reducindo sensiblemente os actuais tempos de resposta.

3. Estudar e acordar solucións semellantes na resto de zonas de sombra nas que os tempos de resposta superan os 20 minutos.»

- 57734 (10/PNC-004601)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis



Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa discriminación laboral que padecen as mulleres deportistas polo seu embarazo e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

BOPG nº 552, do 23.10.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha campaña de concienciación entre as federacións deportivas de Galicia co obxectivo de que inclúan estes comportamentos discriminatorios contra as mulleres deportistas (cláusulas antiembarazo) como censurables nos seus códigos de boas prácticas, dentro do seu réxime de financiamento e relacións de partenariado, patrocinio e *sponsor*, poñendo en valor así mesmo, nesta campaña, o dobre esforzo realizado polas mulleres deportistas que deciden ser nais ao longo da súa carreira deportiva, conseguindo así un maior apoio dos patrocinadores e *sponsors*.

2. Dirixirse ao Goberno do Estado para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal, co obxecto de recoller as posibles solución ás demandas actuais en relación coa dualidade deporte federado e maternidade en todos os seus ámbitos, especialmente no referido ás cláusulas antiembarazo.»

Rexeitamento da iniciativa

- 32054 (10/PNC-002611)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina antifraude onde se poidan denunciar de forma anónima posibles casos de corrupción producidos dentro do sistema público galego

BOPG nº 319, do 13.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 54972 (10/PNC-004354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun procedemento que permita corrixir de xeito progresivo a linguaxe sexista en toda a lexislación autonómica vixente

BOPG nº 528, do 11.09.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 26 de novembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 57728 (10/PNC-004599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia das festas parroquiais galegas como patrimonio inmaterial de Galicia, na categoría de ben de interese cultural

BOPG nº 552, do 23.10.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que recoñeza as festas parroquiais galegas como patrimonio cultural inmaterial de Galicia na súa categoría de ben de interese cultural.»

Rexeitamento da iniciativa

- 58254 (10/PNC-004655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a execución pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional das actuacións necesarias para corrixir as deficiencias existentes nos edificios do IES Manuel Murguía de Arteixo

BOPG nº 557, do 06.11.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**2.4. Organización e funcionamento do Parlamento****2.4.3. Convocatorias****Sesión plenaria (día 3 de decembro de 2019, ás 10.00 horas)**

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 3 de decembro de 2019, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.



De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 26 de novembro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situación de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 568, do 26.11.2019

Publicación mantemento emendas, BOPG nº 568, do 26.11.2019

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-000018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 556, do 31.10.2019

Punto 2. Comparecencia

2.1 59364 (10/PPP-000117)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar da liña de traballo de cara á negociación de TAC e cotas para 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

Punto 3. Mocións

3.1 59169 (10/MOC-000167)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57774, publicada no BOPG nº 552, do 23.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

3.2 59273 (10/MOC-000168)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57403, publicada no BOPG nº 547, do 16.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

3.3 59299 (10/MOC-000169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 58055, publicada no BOPG nº 555, do 30.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

3.4 59301 (10/MOC-000170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56678, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 33261 (10/PNP-002517)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

4.2 54429 (10/PNP-004029)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e a deterioración ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

4.3 56220 (10/PNP-004156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade hospitalaria referidas ás deficiencias existentes en distintas especialidades e o futuro do servizo de cociña do Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

4.4 56785 (10/PNP-004192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre a reiteración polo Goberno galego diante do Goberno central da demanda de retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

4.5 57625 (10/PNP-004274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019

4.6 58485 (10/PNP-004353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións e a carencia de material didáctico axeitado no Centro Superior de Música de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

4.7 58855 (10/PNP-004375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración

Publicación da iniciativa con correccións, BOPG nº 564, do 19.11.2019

4.8 58957 (10/PNP-004382)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción dese tipo de enerxías

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 564, do 19.11.2019

Punto 5. Interpelacións

5.1 44596 (10/INT-001471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

5.2 54378 (10/INT-001810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

5.3 58810 (10/INT-002016)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda



Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 564, do 19.11.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral o presidente da Xunta

6.1 59375 (10/POPX-000178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as rectificacións que vai realizar o Goberno galego na súa política sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.2 59376 (10/POPX-000179)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as razóns do Goberno galego para non situar entre as súas prioridades a protección do patrimonio natural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.3 59377 (10/POPX-000180)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa industria naval

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 58005 (10/POP-006881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á exigencia dunha nova declaración de impacto ambiental á empresa responsable da construción do parque eólico da serra do Iribio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.2 57695 (10/POP-006837)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido entre os anos 2015 e 2017 para o remate da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

7.3 58549 (10/POP-006929)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e catro deputados/as máis



Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o futuro da empresa Unitono, en Ourense, co cadro de persoal actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.4 59342 (10/PUP-000279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento dun plan de futuro que permita garantir os postos de traballo, os dereitos laborais e a actividade nos estaleiros e empresas auxiliares do sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.5 59346 (10/PUP-000280)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis

Sobre o mantemento polo Goberno central dalgún contacto coa Xunta de Galicia para presentar algunha solución á problemática existente na factoría de Alcoa, en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.6 55108 (10/POP-006535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o mantemento polo Goberno galego, na actualidade, do compromiso de creación do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019

7.7 56764 (10/POP-006724)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre os datos do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no referido ao apartado correspondente aos tempos máximos de acceso a elas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.8 57971 (10/POP-006878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da perda progresiva de servizos que se vén producindo no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.9 59366 (10/PUP-000281)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar servizos sanitarios no Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019



7.10 55358 (10/POP-006571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto da posta en marcha do proxecto Red May, de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

